

**CONCELLO  
DE VIGO**



  
**VIGO  
EN GALEGO**

**con**



# 1. A Oliveira de Vigo. Paseo de Alfonso XII



O castelo do Castro e a oliveira son os dous símbolos que compoñen o escudo da Fiel, Leal, Valorosa e sempre Benéfica cidade de Vigo.

A peripecia desta árbore, símbolo da paz, comeza no adro da Colexiata, cando os monxes templarios, chegados contra o S. XIV, a plantan.

O día da Reconquista de Vigo de 1813 prodúcese un estoupido da polvoreira do forte de San Sebastián, que afecta á Colexiata e tamén a oliveira.

Manuel Ángel Pereira recolleu un gallo da árbore afectada, que plantou na súa horta particular na Porta do Sol. Cando o crecemento de Vigo obrigou a diferentes cambios, a xa arraigada oliveira foi transportada a este lugar do Paseo de Alfonso XII.

## 2. O Berbés mariñeiro. Praza do Peñasco



A actual cidade de Vigo ten os seus alicerces botados nas casas mariñeiras do Berbés, cos seus sorportais a gardaren a historia.

O crecemento e expansión foi escalando a ladeira do Castro, devagar pero sen acougo. Sen dúbida, a gran transformación demográfica, industrial e urbanística deuse no século XIX.

As antigas casas mariñeiras comezan a dar paso a fogares da nova burguesía local, de máis alturas e con fachadas decoradas. Os empresarios ligados ao comercio e á industria marítima ocuparon os lugares centrais da vida viguesa daquel tempo.

A rúa Real, que entón era a principal arteria que unía O Berbés mariñeiro co Areal industrial, pode servirnos para cotexar co espazo tradicional, como a presente praza do Peñasco.

### 3. A estirpe liberal. Rúa Chao

A familia Chao, ou dos Chao, chegou a Vigo contra finais de 1823. Xunto ao seu pai, chegou unha persoa que axiña se convertería nun veciño ilustre e benfeitor de Vigo: Eduardo Chao.

A traxectoria deste político, escritor, investigador, farmacéutico e filántropo, entre outras características, estivo dende o inicio moi ligada a Vigo. Loitou polo progreso da cidade (dende a mellora das comunicacións até a preocupación pola expansión urbanística). Favoreceu a Escola de Artes e Oficios, a prensa local, as asociacións recreativas etc.

Pero tamén destacou como líder político de idas republicanas e progresistas. A súa influencia naquel tempo, tanto en Galiza como no Estado español, foi sobranceira. Incluída, sobre a propia Rosalía.



## 4. Vigo, provincia. Rúa Real



O esforzo e loita pola causa liberal de Vigo, dende os días da Reconquista, foron recompensados durante o Trienio Constitucional (1820-1823), tras o pronunciamento de Rafael De Riego.

Declarouse a Provincia de Vigo, que tivo a súa sede gobernativa nesta casa de López de Araújo.

Grazas a este nomeamento instalouse a primeira imprenta, que coñecemos: a de Pascual Arza (situada nalgún sitio da rúa Real), encargada de imprimir o boletín provincial.

Mais a calidade provincial volveu traer novos beneficios económicos e administrativos á cidade, o que fortalecía as condicións para o despegue industrial e demográfico da cidade.

A fe viguesa no liberalismo trouxera importantes recompensas.

## 5. A imprenta de Compañel. Rúa Real



Juan Compañel procede dunha familia de impresores composteláns de coñecida sona nos anos de efervescencia provincialista (1840-1846).

Educouse en Compostela, aprendeu o oficio e tivo o primeiro obradoiro ao seu cargo en Madrid, en 1855. Na capital española contou coa protección da familia Chao.

No romper de 1856 chega a Vigo para ocuparse da edición e imprenta do xornal *La Oliva*, dirixida por José Ramón Fernández. Meses despois, o propio Compañel substituiría Fernández na dirección deste.

Os *Cantares gallegos* (1863) de Rosalía foron editados e impresos por Juan Compañel, nesta cidade de Vigo, nesta rúa Real.

## 6. *Faro de Vigo.* Rúa Oliva



Na esquina entre a rúa Oliva e a antiga rúa Imperial (hoxe Joaquín Yáñez), estaba a imprenta de Ángel de Lema dende, canto menos, 1848.

Dos seus talleres saíu en 1853 o primeiro número do xornal decano da prensa estatal, *Faro de Vigo*. De tendencia moderada, foi o gran rival da oferta xornalística de *La Oliva* e d' *El Miño* nos anos do Rexurdimento.

A súa redacción contaba con persoas afíns ás ideas provincialistas, como Xosé María Posada.

Da imprenta de Ángel de Lema, que nos anos 60 foi concelleiro local, saíron libros, proclamas e xornais que custodian parte da historia da nosa urbe atlántica.

Anos despois, coincidirían na mesma rúa a imprenta De Lema e a de Compañel, até que este deixa a cidade en 1873.

## 7. Concello e botica Chao. Praza da Constitución



A praza da Constitución no seu día era o lugar de mercado e un punto de encontro popular. Para finalizar o noso roteiro, ímonos deter en dúas edificacións aquí presentes.

Por un lado, a antiga casa do Concello de Vigo (hoxe Casa Galega da Cultura), inaugurado en 1862. No seu salón de plenos asistiron personalidades relevantes para o Rexurdimento galego como para a historia local.

E, xusto do outro lado da praza, estaba localizada a botica de José María Chao, o patriarca da estirpe liberal. No seu establecemento ocorreron distintas conversas e debates das forzas progresistas da urbe.

Para rematar, cómpre saber que esta praza recibiu o nome pola Constitución de 1812, a primeira da historia española.

Deste xeito poñemos peche ao percorrido.



alumea a túa lingua!



*Xurxo Martínez González*

*Email: [xurxodorna@yahoo.es](mailto:xurxodorna@yahoo.es) / Móbil 659117438*